

ACTA APERTURA (SOBRES A: DOCUMENTACIÓN, SOBRES B: REFERENCIAS TÉCNICAS E SOBRES C: OBERTA ECONÓMICA) PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE O CARBALLAL, ENFESTA, FRINLE, ESTO, PICÓN, AS REVOLTAS, PEDRACUCA, PENEDO E BORNEIRO”.

Na casa do Concello de Cabana de Bergantiños, ás 12:00 horas do día 14 de febreiro de 2.011, o Alcalde, D. José Muíño Domínguez, en presenza do Secretario do Concello de Cabana de Bergantiños, Don Federico M. Suárez Cancelo, procede, a apertura da documentación correspondente ao (SOBRE A: DOCUMENTACIÓN, SOBRE B REFERENCIAS TÉCNICAS E SOBRE C, OFERTA ECONÓMICA) presentada polas empresas para participar no procedemento de licitación do contrato da obra de REPARACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS NOS LUGARES DE O CARBALLAL, ENFESTA, FRINLE, ESTO, PICÓN, AS REVOLTAS, PEDRACUCA PENEDO E BORNEIRO.

Antes de iniciarse a apertura dos sobresponse de manifesto, por parte da Secretaria do Concello, que foron remitidas polo Sr. Alcalde invitacións a tres empresas:

- 1.-EXCAVACIONES POSE S.L, con enderezo en O Briño-Borneiro, 15119. Cabana de Bergantiños.
- 2.-CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS S.L, con enderezo na rúa Barcelona 25-27, 2º-A, 15100, Carballo.
- 3.-HERANOSCA S.L, Lugar de Hermida, Anos, s/n.Cabana de Bergantiños.

Segundo os datos facilitados polo rexistro xeral de documentos do Concello, unicamente consta a presentación de oferta por parte de CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS S.L (RE nº 278/2011 do 4/02).

Seguidamente se procede por parte do Alcalde e en presenza da Secretaria do Concello a dar apertura aos Sobres A presentados pola única empresa presentada, correspondente á documentación administrativa.

Construcciones Dámaso Ferreiro e Hijos S.L, presenta informe emitido polo xefe de servizo de patrimonio e contratación da Deputación Provincial, de data 5 de novembro de 2.010 conforme a citada empresa se atopa inscrita no rexistro oficial de contratistas da Deputación co número 291. Polo que conforme establece o prego de cláusulas administrativas aprobado por resolución de Alcaldía nº 30/2011 do 27 de xaneiro se lle exime de presentar a documentación establecida nos puntos A,B,C,D,E, F1.(punto 12.1.j) dos pregos de cláusulas administrativas)

Asemade comprobouse que a restante documentación administrativa achegada se axusta aos requisitos establecidos nos pregos, polo que se procede á apertura dos sobres B e C.

Dase apertura ao sobre B, que presenta a seguinte documentación:

Programa de traballo e de actuación ambiental, que inclúe unha memoria e gráfico de execución mediante diagrama de Gantt ou de barras onde fixa un prazo de 120 días naturais para a execución da obra.

Programa de actuación ambiental.

Descrición fotográfica.

Plan de control interno de calidade, establecendo unha porcentaxe do 4,00 % do orzamento segundo a cláusula 12.2 dos pregos.

Esquema do plan de seguridade e saúde.

Seguidamente se procede á apertura do sobre C, correspondente á oferta económica, que ten o seguinte contido:

Prezo sen IVE:..... 80.805,05 euros.

IVE:.....14.544,91 euros.

TOTAL95.349,96 euros.

Á vista da proposición presentada polo único licitador, o Sr. Alcalde como órgano de contratación, acorda que se emita informe por parte do Arquitecto Municipal e redactor do proxecto obxecto de licitación.

De todo o cal se estende a presente acta por parte do Secretario para dar fe do acto de apertura das ofertas técnicas e económicas, co visto e praxe do Sr. Alcalde.

V^opa

O Alcalde-Presidente

O Secretario